



## ANUNCIO

CONVOCATORIA DO EXAME PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO MUNICIPAL DE  
CONDUCIÓN DE TAXIS

Ponse en coñecemento de todas as persoas interesadas en tomar parte nas probas para a obtención do PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR DE TAXI, que deberán presentar a solicitude, ben presencialmente ou de maneira telemática (por internet), a través do seguinte enlace:

[https://sede.vigo.org/expedientes/formularios/autoliq\\_taxis.jsp?lang=ga](https://sede.vigo.org/expedientes/formularios/autoliq_taxis.jsp?lang=ga)

Deberá presentarse a solicitude xunto coa documentación esixida no artigo 25 da vixente Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi e que se relaciona seguidamente. O prazo para a presentación das citadas solicitudes comprende **dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio e até o 30 de abril de 2021, incluído**. A citada convocatoria xurdirá efectos a partir da data da súa publicación na **Sede Electrónica do Concello de Vigo (no apartado 'CONVOCATORIAS E SUBVENCIONS')**. A documentación que se debe achegar coa solicitude é a seguinte:

- *Pagamento das Taxas por dereito de exame.*
- *Unha fotografía con tamaño de 50 mm de alto e 40 mm de ancho (**sen grampar**). (de ser solicitude telemática, a citada fotografía presentarse escaneada, debendo ter unha perfecta visibilidade).*
- *Copia do DNI ou documento equivalente en caso de estranxeiros.*
- *Copia do carné de conducir.*
- *Certificado expedido polo Ministerio de Xustiza, que acredite a carencia de antecedentes penais. (**modelo 790**). (considérase caducado se pasaron máis de tres meses entre a súa data de expedición e a data do anuncio).*
- **Certificado ou Informe médico, expedido nos termos expresados no artigo 25 da Ordenanza Municipal de Taxi, e no que se estableza que *non se padece enfermidade infecto-contaxiosa ou impedimento físico que imposibilite ou dificulte o normal exercizo da profesión* (considérase caducado se pasaron máis de tres meses entre a súa data de expedición e a data do anuncio).**

*Os informes ou certificados presentados que non indiquen o establecido nos anteriores parágrafos, **non serán admitidos**.*

O exame constará das seguintes partes:

- *Coñecemento do Texto Consolidado da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo.*
- *Ubicacións de rúas e puntos de interese na cidade de Vigo.*
- *Itinerarios a seguir entre dúas ubicacións do termo municipal de Vigo.*

Dentro dos cinco días seguintes á finalización do prazo para a presentación de solicitudes, publicarase unha listaxe na que se indicarán as persoas que deban completar a súa solicitude con documentación non entregada en prazo (será publicada no apartado '**CONVOCATORIAS E SUBVENCIONS**' da **Sede Electrónica do Concello de Vigo**).

Asimesmo, as listaxes nas que se indicará o lugar de realización da proba, o horario no que cada solicitante debe presentarse á mesma nos días establecidos, no seu caso, e demais circunstancias relacionadas, publicaranse na Sede Electrónica indicada no anterior parágrafo.

As probas realizaranse o **DIA 28 DE MAIO DE 2021**, na ubicación que se determine por este servizo, que será comunicada coa suficiente antelación nunha próxima publicación. Os solicitantes comparecerán provistos de bolígrafo azul e carné de conducir. Se o nº de aspirantes así o esixira, estableceríase outro día adicional para a realización do exame citado.

CPG/omc

O CONCELLEIRO-DELEGADO DE AREA



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 3365/449

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 07/04/2021 12:39

Páxina 1 de 1

CSV: 21EFD1-B7852D-8E4288-UVV5E2-ZJMWL4-EH